



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Mira, Maruxiña,
mira, como veño,
veño cunha borrachera,
de viño que non me teño.
Mira, mira, Maruxiña
mira non vaias al río.
... penedo,
está aí o Maruxeiro escondido.

Pasei pola túa porta
erghín os ollos e vin
un letrado que decía:
“Eu para ti non nacín”.

Eu como sabía ler
quitei un e puxen outro:
“Ti para min non naceches
e eu para ti tampouco.”

Esta miña pandeiretiña
costoume cinco raiás
as malas linguas do mundo
din que ma dou un rapás.

Esta miña pandeireta
cinco raiás me costou,
pandeireta coma i-ela
en Parada non entrou.

Este pandeiro que toco,
este que teño na mao
era de miña cuñada,
da muller de meu irmao.

- O ton era así (tararea)



Es caminar sempre errante
ontristecido
sin encontrar un descanso
en el camino.
Á despedida nunca llorais
On triste errante donde cantáis.

- Sighe máis adiante e cántase a coro.

Canta contara-los mundos
tus miserias por el mundo
que tu ocasión quizáis
tu viento llevaráis
a la aldea donde tu amor estáis.

/: Mira como era :/
el pañuelo de mi novia
que vai pola carretera.

/: Mira, como brilla :/
el pañuelo de mi novia
que vai pola calle arriba.

Caseime con Cara Fea
porque tiña moito ghando,
aghor'ò ghando morreume,
Cara Fea foi quedando.

Quédavos con Dios, señores,
e nos con Dios nos vaiamos
quédavos con Dios, señores
ast'ò ano que volvamos.

Mariana é pequena,
dáll'o mandil pola lama,
xa me canso de decer
ergh'o mandil, Mariana.

Mariana din que ten
catr'enaghuas que vestir-e,
Mariana mentirosa
que non ten senón un mandil-e.



Eu ben sei a quen dixeches
que non me podías ver-e,
Dios llo paghe quen mo dixo
estimeillo de saber-e.

/: Mira cara min ó dreito :/
que che quero preghuntar
o mal que ch'eu teño feito.

O mal que ch'eu teño feito
e malo que ch'hei facer-e
cabe na casca dun ovo,
e inda non a quer encher-e.

Arrieiros non
porque vai e vén
ten un zapateiro
que machaque ben.

O cantar dos arrieiros
é cantar que nunca s'acaba
empezas' en trailalila-e
rematas' en trailalala.

Esta noite fun ao muíño
nunc'ò muíño fora,
a cadela do xenrito
comeum'a fariña toda.

Esta noite fun ao muíño
ha d'haber apartamento
os casados para fora,
os solteiros para dentro.

Vamos cantando, roghando,
botando moi ben por ela,
aghora xa nos vai dando
o aire da nosa terra.